Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 2 DE NOVEMBRO DE 2026 | LUNES, 2 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 209

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Bases do concurso de decoración de Nadal no Concello de Touro no ano 2026. Touro vive o Nadal

EXPEDIENTE 2026/A002/000005. Concurso de decoración de Nadal no Concello de Touro no ano 2026 "Touro vive o Nadal".

A Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria celebrada o 27 de outubro de 2026 adoptou o seguinte acordo:

O Concello de Touro presenta unha segunda edición do concurso de decoración de Nadal, "Touro vive o Nadal". Con este concurso se pretende animar a veciñanza e fomentar a súa participación engalanando o municipio nestas datas.

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria de premios "Touro vive o Nadal", de acordo coas bases transcriben.

SEGUNDO. Publicar as presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO. Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL NO CONCELLO DE TOURO NO ANO 2026 "TOURO VIVE O NADAL"

Primeiro. Obxecto e finalidade da convocatoria.

Dende o Concello de Touro pretendemos con "Touro vive o Nadal" fomentar a participación da veciñanza na decoración da súa contorna dando así un ambiente festivo o municipio nestas datas tan sinaladas. Propoñemos un concurso de decoración de balcóns, fiestras, fachadas, escaparates, xardíns ou elementos exteriores que sexan totalmente visibles dende o exterior, tanto no núcleo urbano de Fonte Díaz coma no ámbito rural de todo o Concello, que contribúa a mellorar o ánimo de toda a veciñanza e supoña un foco de atracción para os visitantes, para o comercio local e tamén como xeito de valorar a implicación da nosa veciñanza, no ámbito rural e urbano.

Segundo. Requisitos dos participantes

Poderán participar no concurso e, por tanto, poderán ser beneficiarias as persoas nos termos establecidos nestas bases, as persoas propietarias e convivintes coa autorización da persoa propietaria ou persoas arrendatarias de vivendas unifamiliares maiores de idade que estean localizadas no termo municipal de Touro, no seu ámbito rural e urbano.

As persoas participantes deberán cumprir as seguintes condicións:

· Non ter débedas en período executivo de pago co Concello de Touro no momento da concesión, salvo que o pago das devanditas débedas estivesen garantidas, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais, así como estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

· Non incorrer nalgunha das circunstancias que se determinan no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións incapacitantes para obter a condición de beneficiario.

· As persoas participantes están obrigados a presentar unha declaración de non atoparse incursos en ningunha das prohibicións previstas no citado artigo 13 de Lei 38/2003, de 17 de novembro.

· Deben atoparse ao corrente de pago das obrigacións por reintegro de calquera subvención ou premio concedido con anterioridade por este Concello.

· Non poderán participar no concurso as persoas que formen parte do xurado, así como calquera outra persoa que teña un parentesco en primeiro ou segundo grao con algún membro do xurado.

Terceira. Inscricións, lugar e prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será dende a publicación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia ata o 15 de decembro de 2026.

Non se admitirán solicitudes presentadas fora do prazo indicado no parágrafo anterior.

Número de anuncio 2026/7030

As solicitudes poderán presentarse mediante instancia xeral acompañada do Anexo I (modelo de solicitude) e 2 fotografías, unha diúrna e outra nocturna da decoración co nome e localización da mesma, na sede electrónica do Concello de Touro.

Do mesmo xeito, poderán presentarse de forma presencial de luns a venres, en horario de 08:00 a 15:00 horas, no rexistro municipal.

Cuarta. Condicións de participación

Só poderá presentarse ao concurso un único proxecto por vivenda, comercio ou asociación veciñal.

A decoración deberá estar exposta, como mínimo, entre os días 16 de decembro de 2026 e o 7 de xaneiro de 2027.

Poderase participar nas tres categorías existentes: establecementos comerciais, asociacións veciñais e/ou particulares.

As decoracións e adornos teñen que ser típicos de Nadal, así como a composición de elementos, a proposta de ornamentación das fachadas, entradas, ventás, casas, árbores, etc. dos participantes.

Os elementos decorativos situaranse sobre as fachadas, balcóns, fiestras e xardíns sen causar ningún tipo de perigo nin prexuízo para as persoas e os bens, e sen ocupar as vías de circulación.

En caso de realizar a decoración aproveitando o voo das vías públicas (colocación, grilandas, faroliños, iluminación...), deberase contar coa aprobación dos donos dos inmobles.

A zona elixida para ser decorada ten que ser totalmente visible dende a vía pública.

As persoas participantes en calquera das modalidades serán as encargadas e responsables da seguridade, montaxe, coidado, mantemento e recollida o finalizar estas datas.

Queda totalmente prohibido o emprego de lume, fachos, velas ou calquera outro elemento pirotécnico na iluminación.

No caso de que se producise algún tipo de dano do material que forma parte da decoración e iluminación durante o período de exposición, deberá ser substituído ou retirado, baixo a responsabilidade do particular que montou a decoración.

Será descalificado calquera concursante que mostre no seu balcón ou xanela calquera tipo de publicidade, slogan ou similar.

As imaxes da decoración e iluminación dos participantes no presente concurso serán cedidas ao Concello de Touro co único obxecto de ser difundidas polo mesmo con fins de divulgación a través dos medios dixitais municipais.

A inscrición no concurso implica a aceptación total das bases legais establecidas neste por parte de todas as persoas concursantes.

Quinta. Réxime de concesión, importe da convocatoria e importe dos premios

Trátase dunha subvención en réxime de concorrencia competitiva.

O importe estimado destinado aos premios previstos nesta convocatoria será de 1.500,00 euros.

- Premio na categoría de establecementos comerciais:

· 1º premio: 250,00 € e diploma

· 2º premio: 150,00 € e diploma

· 3º premio: 100,00 € e diploma

- Premio na categoría de Asociacións, poden ser veciñais, de mulleres rurais, culturais, sempre que foran inscritas no rexistro da XUNTA antes da publicación destas bases.

· 1º premio: 250,00 € e diploma

· 2º premio: 150,00 € e diploma

· 3º premio: 100,00 € e diploma

- Premio na categoría de particulares:

· 1º premio: 250,00 € e diploma

· 2º premio: 150,00 € e diploma/comida ou cea nun establecemento de hostalaría do Concello (valorada en 150,00 €)

· 3º premio: 100,00 € e diploma/cesta de Nadal (valorada en 100,00 €)

Total: 1.500,00 euros

Os premios estarán suxeitos á retención fiscal que corresponda de conformidade coa lexislación vixente.

Os premios serán compatibles con outros para a mesma finalidade.

Número de anuncio 2026/7030

Sexta. Composición do xurado

O xurado estará composto por 5 membros con dereito a voto, o alcalde ou a persoa na que o delegue, a concelleira de Cultura, Turismo e Deportes, e 3 persoas familiarizadas coa materia designadas e que se farán públicas mediante a publicación do nomeamento na sede electrónica do Concello.

Sétima. Criterios de valoración.

Ao xurado correspóndelle deliberar, estimar e valorar as decoracións participantes. A súa decisión será inapelable.

Resultará gañadora a decoración que máis puntuación obteña sobre un máximo de 100 puntos. Serán valoradas segundo os seguintes criterios:

1. Deseño: Avaliarase a estrutura, organización e atractivo visual da composición. (30 puntos)

2. Calidade e harmonía: Valorarase a coherencia e unidade dos elementos, así como a calidade dos acabados. (20 puntos)

3. Iluminación: Avaliarase o uso creativo e funcional da iluminación, e a súa contribución ó deseño xeral. (10 puntos)

4. Creatividade e orixinalidade: Considerarase a innovación e o enfoque persoal do conxunto. (20 puntos)

5. Sostibilidade: Terase en conta o emprego de materias primas naturais, materiais de reciclaxe e uso de enerxías non contaminantes nas decoracións. (20 puntos)

No caso de empate resolveríase coa que obtivera maior puntuación no criterio de Deseño, e se persiste a que obtivera máis puntos no criterio de Sostibilidade.

Oitava. Obrigas e responsabilidades

Deberanse respectar as normas para a montaxe, debendo estar rematada a instalación da decoración o día 15 de decembro de 2026.

O solicitante deberá responsabilizarse do cumprimento das normas establecidas en canto á seguridade e medidas específicas sanitarias.

En todo caso, o Concello de Touro queda exonerado das responsabilidades derivadas dos danos materiais, físicos ou de calquera outra natureza que se poidan producir a terceiros con motivo dos traballos de instalación, montaxe e desmonte.

A inscrición no concurso implica a autorización a tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais as cales poden ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais. A participación no concurso supón a aceptación total destas bases.

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descualificación no Concurso.

A participación no “II Concurso Touro Vive o Nadal” implica a aceptación destas bases.

A interpretación das bases correspóndelle a Concellaría de cultura, deportes e turismo.

Novena. Fallo do xurado

O fallo do xurado será inapelable e darase a coñecer durante o mes de xaneiro de 2027.

Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que o xurado considere que os participantes non alcancen un mínimo de calidade ou de que a cantidade de participantes sexa insuficiente para o desenvolvemento do concurso.

Décima. Pagamento e reintegro dos premios

O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria á conta que indicasen as persoas premiadas.

Os premios serán obxecto de retención fiscal de acordo co estipulado na lexislación vixente.

Os premios serán reintegrados nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Undécima.- Protección de datos.

O Concello de Touro é o responsable do tratamento dos datos persoais recadados nesta convocatoria. Os datos serán tratados coa finalidade específica da tramitación da convocatoria dos premios e a verificación dos datos achegados na solicitude.

A lexitimación do tratamento está baseada no cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Número de anuncio 2026/7030

Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude.

A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento e en base á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas publicarase a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do Concello e as súas redes sociais.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Décimo segunda. Confidencialidade

Toda a documentación achegada polos participantes neste concurso será considerada confidencial polo persoal do concello e polos membros do Xurado que teñan acceso a aquelas durante o proceso de recepción, avaliación e selección de propostas.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Touro, 28 de outubro de 2026

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

Número de anuncio 2026/7030

ANEXO I

SOLICITUDE CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL NO CONCELLO DE TOURO NO ANO 2026 "TOURO VIVE O NADAL"

1. DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos:
DNI:
Enderezo:
Teléfono fixo: Teléfono móbil:
Correo electrónico:

E, na súa representación, (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome e apelidos:
DNI:

DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:

1º.- Que acepto as bases da convocatoria.

2º.- Que non se atopa incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de subvencións das Administracións Públicas, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.

3º.- Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e Concello de Ames e coa Seguridade Social, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.

4º.- Que se somete ás actuacións de comprobación e achega da documentación que o Concello de Touro poida acordar.

Número de anuncio 2026/7030

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO	
A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa	
No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento cos deberes tributarios ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	AUTORIZO A CONSULTA
	O SI O NON
Estar ao corrente de pagamento coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).	O SI O NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias da Seguridade Social	O SI O NON
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias do Concello de Touro	O SI O NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Touro
Finalidades do tratamento	A finalidade específica da convocatoria do Concurso de decoración de Nadal no Concello de Touro no ano 2026 "Touro vive o Nadal".
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Respecto da captación e difusión das imaxes das persoas representantes dos establecementos, a base lexitimadora será o consentimento outorgado polas persoas interesadas no momento da solicitude
Destinatarios dos datos	A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase, a relación de persoas beneficiarias na páxina web corporativa. No caso de autorizar a captación e difusión das imaxes as mesmas serán publicadas nos diferentes medios corporativos do concello e as súa redes sociais
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e potabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada ante o Rexistro municipal do Concello (Rúa Isabel II n.º 26, 15822 - Touro) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

☐ Autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios

☐ Non autorizo o tratamento dos datos para a captación e difusión de imaxes persoais nos medios corporativos do Concello especificados no epígrafe dos destinatarios

Nota.- Xunto con este anexo, as persoas solicitantes deberán achegar:

1 - Copia do Documento Nacional de Identidade (persoas físicas).

2.- Dúas fotografías, unha diúrna e outra nocturna da decoración co nome e localización da mesma.

3 - Certificación de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria, Concello e Tesourería Xeral da Seguridade Social, no caso de non autorizar ao Concello á comprobación.

Touro a ..... de ..... de 2026

Sinatura do/a solicitante

2026/7030